



## CONCELLO DE BARBADÁS

### ORDENANZA REGULADORA DE SUBVENCIONS EN MATERIA DEPORTIVA DO CONCELLO DE BARBADÁS.

O Concello de Barbadás ten entre os seus obxectivos a promoción e o fomento da educación física e o deporte, especialmente o deporte base.

#### **Obxecto.**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación da concesión de subvencións con cargo ao orzamento da Concellería de Deportes do Concello de Barbadás en materia deportiva en réxime de concorrencia competitiva.

Con base á súa finalidade distínguense dúas liñas de financiamento:

1. Organización de actividades deportivas federadas e outras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción deportiva.
2. Gastos de funcionamento das entidades deportivas por participación ou organización de competicións e actividades federadas de carácter oficial, ben na tempada ou anualidade que rematen no exercicio orzamentario.

As axudas recollidas nestas bases incardínanse no réxime de axudas de mínimos establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea as axudas de mínimos (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).

#### **Financiamento.**

A concesión das subvencións, que constitúen o obxecto destas Bases Reguladoras, estará limitada ó crédito máximo dispoñible nas aplicacións orzamentarias 341.480.00 e 341.480.01 do Orzamento do Concello de Barbadás para cada exercicio económico.

#### **Convocatoria anual.**

A convocatoria anual establecerá os importes máximos de cada unha das liñas de financiamento.

#### **Beneficiarios.**

##### ***Poderán ter a condición de beneficiarios:***

- As asociacións e clubs ou entidades deportivas do municipio de Barbadás inscritos/as no Rexistro de Asociacións do Concello de Barbadás.

##### ***Quedan expresamente excluídos:***

- As entidades debedoras do Concello de Barbadás.





## CONCELLO DE BARBADÁS

- En xeral todos aqueles incurso en causas das previstas na Lei 38/2003 de 13 de novembro xeral de subvencións (artigo 13) e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (artigo 10) ou normativa que as substitúa.

- As entidades sancionadas en firme por infracción moi grave por órganos de xustiza deportiva. As axudas ás entidades que contén con partida nominativa no orzamento desta Concellería quedarán excluídas da participación na liña 2 destas bases reguladoras e rexeranse polo que dispoñan os convenios a través dos cales se instrumenten, sen prexuízo de actividades excepcionais debidamente motivadas. Esta exclusión alcanzará a toda entidade vinculada por calquera relación de dependencia ou control.

### **Solicitude e documentación.**

A documentación a presentar con carácter xeral comprenderá:

#### ***Documentación preceptiva:***

- a) Solicitude individualizada asinada polo peticionario ou, no caso de persoas xurídicas, polo representante legal debidamente acreditado, con indicación de enderezo electrónico e postal, número telefónico e fax, para os efectos de notificacións e comunicacións (anexo I).
- b) Fotocopia do Código de Identificación Fiscal (CIF) no caso de persoas xurídicas e o Número de Identificación Fiscal (NIF) no suposto de persoas físicas.
- c) Inscripción no Rexistro de Asociacións Municipais e nos rexistros oficiais segundo a natureza da actividade a subvencionar, indicándose, no caso de persoas xurídicas, os estatutos que rexen a entidade, así como certificación acreditativa dos cargos representativos e domicilio social.
- d) Os datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención na folla de terceiros que se facilitará na Administración do Concello de Barbadás.
- e) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario (anexo II).
- f) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda estatal, autonómica e local, nin á Seguridade Social (anexo II), autorizando ó concello de Barbadás para pedir os certificados correspondentes ante a Axencia Estatal de Facenda e o Concello de Barbadás, se fora preciso.
- g) Orzamento de ingresos e gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto e liquidación do orzamento da tempada ou exercicio económico anterior. O orzamento deberá vir equilibrado (ingresos = gastos).





## CONCELLO DE BARBADÁS

- h) Compromiso firme de comunicar ó Concello de Barbadás a concesión de calquera outra axuda ou subvención, de entes públicos ou privados, para a mesma finalidade, tan pronto a coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación outorgada.
- i) Autorización para recibir notificacións e resolucións por correo electrónico na conta facilitada no Anexo I. De non presentar enderezo electrónico, no se lle comunicará de xeito individual a dita entidade, publicándose a información na páxina web, na sección de Deportes, do Concello de Barbadás, nos taboleiros do Concello ou no BOP de ser o caso.

### ***Documentación para valoración:***

#### Si se solicita subvención acorde coa liña 1:

- Memoria onde se indique de forma separada os seguintes extremos:
  - a) Obxectivos que se pretenden conseguir e interese xeral da actividade no ámbito municipal.
  - b) Número de beneficiarios, directos.
  - c) Modalidade feminina, de ser o caso.
  - d) Modalidade para persoas con diversidade funcional, de ser o caso.
  - e) Participación de categorías de base.
  - f) Formación e divulgación deportiva.
  - g) Volume de subvencións concedidas á actividade para a mesma finalidade.
  - h) Ámbito territorial dos participantes.
- Presentación, se fora o caso, dos permisos correspondentes ós seguros de responsabilidade civil, accidentes e outros permisos obrigatorios para a celebración do evento, ou compromiso de presentalos antes da realización do evento subvencionado.

#### De solicitar axuda da liña 2:

- Certificado da Federación Deportiva correspondente na que expresamente se indique:
  - a) Números de equipos, categoría e ámbito territorial da competición. De non figurar o territorio da competición, considerarase de ámbito local.
  - b) Número de licencias federativas durante a tempada obxecto da subvención por equipo no que se indique cales pertencen á categoría feminina, especificando o ámbito territorial da competición. De non figurar o territorio da competición, considerarase de ámbito local. No caso de que a tempada coincida coa anualidade, xuntarse tamén o número de licencias tramitadas na tempada anterior.





## CONCELLO DE BARBADÁS

- c) Número de técnicos e persoal auxiliar adscrito con licenza federativa para a tempada obxecto da subvención e nivel ou categoría dos mesmos.
- d) Declaración responsable na que se indique o número de técnicos e persoal auxiliar con alta federativa e titulación con valor oficial.
- e) Calendario oficial de competición.
- Memoria na que se indique de forma separada os seguintes extremos:
- a) Media de participantes por cada actividade de promoción, formación e divulgativas ou escolas deportivas.
- b) Importe do investimento para mellora, mantemento e xestión de instalacións municipais, de ser o caso.
- c) Outros datos importantes de carácter social e deportivo do club.

### ***Emenda e efectos da presentación de solicitudes.***

As deficiencias e as omisións na solicitude e restante documentación preceptiva deberán emendarse, no prazo de dez días dende a notificación efectuada no enderezo electrónico facilitado polo solicitante, se fora o caso, ou dez días dende a publicación da correspondente resolución dos diversos procedementos de concesión de subvencións publicados no enderezo web ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)). De non efectuar a emenda no prazo indicado, terase por desistido da súa petición.

Non será necesario presentar aquela documentación preceptiva que se atope en poder do Concello de Barbadás sempre que se manifeste que non sufriron variación, de acordo co anexo III.

### ***A presentación da solicitude leva consigo:***

- A aceptación incondicional das bases reguladoras e da convocatoria.
- A aceptación incondicional dos requisitos e obrigas que se conteñen nas bases e nas convocatorias.
- Autorización á Concellería de Deportes para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria e o Concello de Barbadás.
- Autorización implícita á Concellería de Deportes para tratar a información persoal e deportiva nas distintas fases de tramitación.

### **Prazos e lugar de presentación de solicitudes.**

As solicitudes presentaranse nas oficinas do Concello de Barbadás e os prazos de presentación serán:

- Liña de actuación 1ª: 30 días naturais dende a publicación da Convocatoria no BOP.
- Liña de actuación 2ª: 30 días naturais dende a publicación da Convocatoria no BOP.

### **Criterios de valoración.**





## CONCELLO DE BARBADÁS

Valoraranse os seguintes aspectos:

### Eventos Deportivos.

- ✓ Ámbito competitivo do evento
- Competicións de ámbito nacional. (10 puntos)
- Competicións de ámbito interprovincial ou autonómico. (5 puntos)
- Competicións de ámbito provincial. (3 puntos)
- Competicións de ámbito local. ( 1 punto)

Para considerar unha proba dun determinado ámbito considerarase para obter maior puntuación un mínimo de 10 participantes en probas individuais e de 2 equipos en competicións por equipos.

- ✓ Número de edicións (Antigüidade). 1 punto por cada edición, máximo 5 puntos.
- ✓ Número de participantes. 1 punto por cada 100 participantes, máximo 5 puntos.
- ✓ Proxecto. Valorarase cun máximo de 5 puntos o mellor proxecto presentado do evento deportivo. O resto serán puntuados proporcionalmente.
- ✓ Orzamento da actividade. Valorarase tanto o importe do orzamento da actividade como o esforzo económico que se reflicte no orzamento presentado, entendéndose como tal a maior porcentaxe de autofinanciamento ou financiamento con recursos privados. (Ata 15 puntos).
  - Maior orzamento: 10 puntos, resto proporcionalmente.
  - Maior esforzo económico: 5 puntos, resto proporcionalmente.
- ✓ Colaboración nos eventos deportivos organizados ou promovidos polo Concello, durante os últimos 3 anos (1 punto por cada evento no que se colaborou co Concello, cun máximo de 3 puntos por ano, máximo 9 puntos).
- ✓ Número de horas de uso de instalacións deportivas públicas. Máxima utilización -5 puntos, resto proporcionalmente.
- ✓ Deporte feminino. 1 punto por cada categoría ou por cada 10 participantes. Máximo 5 puntos.
- ✓ Deporte para persoas con diversidade funcional. 1 punto por cada categoría ou por cada 10 participantes. Máximo 5 puntos.
- ✓ Organización de actividades complementarias da formación de deportistas (campus, clinics, xornadas, campamentos, actividades solidarias). 1 punto por cada actividade organizada polo club e que sexa considerada de interese pola Concellería de Deportes.





## CONCELLO DE BARBADÁS

Promoción da lingua

galega. 3 puntos polo uso da lingua galega.

### Equipos competición.

- ✓ Ámbito competitivo do equipo.
- Equipos ou deportistas en competicións de ámbito nacional. (10 puntos)
- Equipos ou deportistas en competición de ámbito interprovincial ou autonómico. (5 puntos)
- Equipos ou deportistas en competicións de ámbito provincial. (3 puntos)
- Equipos ou deportistas en competicións de ámbito local. (1 punto)
- ✓ Número de licencias (1 punto por cada 10 licencias).
- ✓ Antigüidade no Rexistro de Entidades Deportivas do Concello de Barbadás (1 punto por cada ano, máximo 5 puntos).
- ✓ Colaboración nos eventos deportivos organizados ou promovidos polo Concello, durante os últimos 3 anos (1 punto por cada evento no que se colaborou co Concello, cun máximo de 3 puntos por ano, máximo 9 puntos).
- ✓ Número e cualificación dos técnicos deportivos titulados do club (3 puntos por cada adestrador con título nacional con ficha dilixenciada no club, 2 puntos por cada adestrador con título rexional con ficha dilixenciada no club, 1 punto por cada adestrador ou monitor de base titulado con ficha dilixenciada no club).
- ✓ Orzamento da actividade. Valorarase tanto o importe do orzamento da actividade como o esforzo económico que se reflicte no orzamento presentado, entendéndose como tal a maior porcentaxe de autofinanciamento ou financiamento con recursos privados. (Ata 15 puntos).
  - Maior orzamento: 10 puntos, resto proporcionalmente.
  - Maior esforzo económico: 5 puntos, resto proporcionalmente.
- ✓ Número de horas de uso de instalacións deportivas públicas. Máxima utilización -5 puntos, resto proporcionalmente.
- ✓ Deporte relacionado coas Escolas Deportivas (Deporte Sénior Federado). Fútbol 5 puntos, Resto de Escolas 3 puntos.
- ✓ Crecemento no número de categorías respecto ó ano anterior (1 punto por cada categoría que se aumente no club, máximo 5 puntos).





## CONCELLO DE BARBADÁS

Crecedemento no número

de licencias respecto ó ano anterior ( 1 punto por cada 10 licencias que se aumenten respecto ó ano anterior, máximo 5 puntos).

✓

Organización de

actividades complementarias da formación de deportistas (campus, clínic, xornadas, campamentos, actividades solidarias). 1 punto por cada actividade organizada polo club e que sexa considerada de interese pola Concellería de Deportes.

✓

Deporte feminino. 1

punto por cada categoría ou por cada 10 participantes. Máximo 5 puntos.

✓

Deporte para persoas con

diversidade funcional. 1 punto por cada categoría ou por cada 10 participantes. Máximo 5 puntos.

✓

Promoción da lingua

galega. 3 puntos polo uso da lingua galega.

### **Límites importe subvencionado e modificación das subvencións.**

A porcentaxe subvencionable non poderá exceder do 75% do custo da actividade, nin poderá exceder do custo total previsto en concorrencia con calquera outro tipo de ingresos, non podendo superar en ningún caso a cantidade de 2.500 €.

O importe mínimo da subvención para aqueles clubs deportivos que se acollan á liña 2 de subvencións e cumpran todos os requisitos solicitados nestas bases será de 750 €.

Calquera alteración das condicións consideradas para a determinación da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, en todo caso á obtención doutras achegas concorrentes non permitidas nestas bases. Para os efectos de estimar a gradación dos incumprimentos utilizaranse as desviacións detectadas nos parámetros de valoración.

### **Tramitación.**

As solicitudes tramitaranse de conformidade con Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Lei xeral de subvencións de acordo coa súa disposición derradeira primeira.

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á Concellería de Deportes que realizará cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formular a proposta de resolución.

O órgano Colexiado encargado de emitir o informe de avaliación estará constituído polo Concelleiro de Deportes ou persoa en quen delegue en calidade de presidente, e dous traballadores/as do Concello de Barbadás.





## CONCELLO DE BARBADÁS

O prazo para a resolución das peticións de subvención será de tres meses. O vencemento do prazo máximo sen que sexa comunicada a resolución lexítima ós/ás interesados/as para entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Toda publicación/notificación, sexa individual ou colectiva, á que faga referencia estas bases realizarase mediante publicación na localización web e taboleiro de anuncios do Concello de Barbadás. A publicación substituirá á notificación persoal e producirá os mesmos efectos, segundo a Lei 30/1992.

Os/as beneficiarios/as terán un prazo de 10 días, desde a notificación da resolución definitiva, para aceptar ou rexeitar a subvención, de non producirse manifestación expresa entenderase aceptada tacitamente.

Contra a resolución, que pon fin ó procedemento administrativo, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Barbadás no prazo dun mes ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, sen prexuízo da interposición de calquera outro que se estime conveniente.

### **Gastos subvencionables.**

Son gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionable e sexan efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación.

### ***Os conceptos obxecto de subvención serán, exclusivamente:***

- Gastos de oficina.
- Adquisición de trofeos ou material deportivo.
- Publicidade da actividade da entidade.
- Adquisición, reposición da caixa de emerxencias e gastos médico-farmacéuticos.
- Honorarios de monitores, adestradores e profesores de escolas deportivas e equipos de competición da entidade ou outros profesionais relacionados coa práctica deportiva.
- Manutención, aloxamento e desprazamento de deportistas.
- Dereitos de arbitraje.
- Licencias, mutualidade deportiva e inscricións en competicións.
- Seguros de accidentes ou de responsabilidade civil.
- Cantidades satisfeitas por utilización de instalacións deportivas.
- Acondicionamento de instalacións e espazos para probas puntuais.
- Gastos directamente relacionados e indispensables para a preparación e execución da actividade subvencionada. Para estes efectos, os gastos financeiros e de garantía bancaria só serán







## CONCELLO DE BARBADÁS

subvencionables cando respondan a operacións que se salden no período de xustificación e teñan como finalidade única financiar a actividade obxecto de achega.

- Non terá consideración de gastos subvencionable o IVE soportado cando a entidade deportiva presente liquidación por IVE. Neste caso, computarase exclusivamente a base impositiva do soporte xustificativo.
- A xustificación de pagos a profesionais e perceptores que estean suxeitos a IRPF realizarase polo líquido da correspondente factura emitida polo servizo prestado. A xustificación das retencións do IRPF realizarase mediante a carta de pago (modelo 111) da Axencia Tributaria.

### **Xustificación.**

Os beneficiarios terán que achegar xustificación documental do cumprimento da realización da actividade subvencionada, das condicións impostas na concesión, medios de difusión empregados e resultados obtidos:

- Memoria detallada que inclúa declaración responsable das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo, con documentos que acrediten a realización desta (fotografías, vídeos, recortes de prensa, trípticos, carteis, camisetas, etc), no que se inclúa soporte informativo de difusión da actividade subvencionada.
- Achega do material divulgativo de información, publicación, publicidade, vestimenta deportiva, etc., no que figure o logotipo do Concello de Barbadás como entidade que subvenciona a súa actividade que estará a disposición dos beneficiarios nas presentes bases e que deberán figurar, inescusablemente naqueles actos ou actividades obxecto de subvención.
- Certificación federativa ou documento probatorio de clasificacións e resultados oficiais da participación en competicións regulares e, no caso de eventos ou escolas deportivas, mediante comunicación de datos relevantes (inscricións, participantes, resultados, ...). No caso de probas individuais marcaranse ou puntaranse os documentos que acrediten a participación dos deportistas da entidade.

No suposto de observar incumprimentos do proxecto e alteracións das condicións tidas en conta para a concesión de subvencións, ou non acreditar a realización do gasto que serviu de base para a concesión da subvención, a Concellería de Deportes poderá modificar a resolución da concesión, reducindo proporcionalmente os importes desta.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### ***Documentación a achegar os perceptores das subvencións para a xustificación económica:***

- Solicitude de pagamento da subvención concedida subscrita polo presidente da entidade e dirixida ó Concelleiro de Deportes.
- Liquidación do orzamento de ingresos e gastos, conformada polo presidente/a e secretario/a da entidade.
- Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil, administrativo ou laboral, por importe mínimo equivalente á cantidade subvencionada e con acreditación de estar pagas.

### ***Acreditarase o pagamento:***

- Pagamentos en efectivo ata un máximo de 1.000€ por proveedor; factura selada e asinada pola persoa responsable do cobro con expresión do nome, apelidos e número de D.N.I., ou ben acompañada de ticket de caixa.
- No caso de gastos en concepto de desprazamentos ou manutención de deportistas, coa correlativa presentación de facturas xustificativas, ata un máximo do 40% da contía subvencionada.
- Resto de pagamentos: presentación de documento bancario no que conste o terceiro a quen vai dirixido o pagamento e data en que foi realizado.

### **Prazos de presentación da xustificación.**

A xustificación deberá presentarse, sen prexuízo do sometemento ás actuacións de comprobación que fosen precisas, nos seguintes prazos:

- Antes do remate da primeira quincena do mes de decembro de cada exercicio e para ***actividades de tempada*** antes do 30 de outubro da anualidade obxecto de subvención.

Producirase a perda do dereito ó cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación dentro dos prazos do parágrafo anterior e por concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas na normativa vixente.

### **Forma de xustificación económica.**

Os gastos corresponderán á actividade, anualidade ou tempada subvencionada e xustificaranse mediante facturas pagas polo beneficiario da subvención. Non obstante, admitiranse como documentos acreditativos os seguintes:

- Liquidacións expedidas polas federacións deportivas ou colexios de árbitros/xuíces.
- Póliza de seguros de accidentes ou de responsabilidade civil (presentando o recibo da anualidade ou do evento).





## CONCELLO DE BARBADÁS

- Cartas de pagamento pola utilización de instalacións deportivas.
- Nóminas, Tcs.

Os documentos que se xuntan como xustificantes da subvención que fagan referencia ás tempadas deportivas deberán estar datados entre o 1 de xullo do ano de inicio da tempada e o 30 de xuño do ano do seu remate. Se fan referencia á anualidade deberán estar datados no ano natural da convocatoria. As que fan referencia ás actividades realizadas no último trimestre do ano precedente poderán estar datados nese mesmo período do ano.

En ningún caso se admitirán cartas de recepción ou tickets de caixa.

### **Compatibilidade con outras axudas ou subvencións percibidas de entidades públicas.**

As subvencións concedidas ó abeiro destas Bases Reguladoras son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas sempre que en conxunto non excedan do 100% do gasto da actividade subvencionada.

### **Reintegro e perda do dereito á subvención.**

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia, procederase á tramitación de expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda da subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo con principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro ou a perda da subvención incluírán sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou declaración da perda do dereito á subvención, concederáselle ó interesado/a un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizará as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditará a resolución que corresponda a Concellería de Deportes.

Procederá ó reintegro da subvención por concorrer algunha das causas previstas na lexislación de subvencións (artigo 33 da lei de subvencións de Galicia e artigo 37 da lei estatal).

Nos supostos nos que da conta xustificativa ou do proceso de comprobación se deduza que a actividade obtivo axudas ou subvencións públicas por importe superior ó 100% do seu custo, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

### **Pagamento.**

Só se procederá ó libramento da subvención concedida logo da xustificación íntegra polo beneficiario da aplicación da subvención recibida.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **Obrigas das entidades ás que se lles conceda subvención.**

Ademais das obrigas dispostas na normativa de aplicación, as entidades ás que se lles conceda subvención obríganse a:

Non modificar o programa aprobado da actividade subvencionada sen expresa autorización da Concellería de Deportes, agás causa de forza maior.

Facer explícito o patrocinio ou colaboración da Concellería de Deportes, en cantas accións de comunicación pública e soportes informativos se realicen (carteis, trípticos, cuñas de publicidade, camisetas, comunicacións, anuncios, páxina web da entidade, ...). A Concellería de Deportes poderá requirir, en calquera momento anterior ó libramento da subvención, canta documentación considere necesaria para comprobar a súa realización.

Achegar constancia gráfica da actividade (formato dixital a ser posible).

Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes, pola Intervención Xeral Municipal, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de comprobación, fiscalización e control do destino das subvencións.

Permitir a verificación das actividades financiadas coa subvención. O persoal da Concellería de Deportes terá acceso libre ás instalacións onde se desenvolva a actividade subvencionada.

Xustificar a subvención concedida de acordo con estas bases reguladoras.

Colaborar cos programas e actividades deportivas da Concellería de Deportes.

### **Normativa aplicable.**

En todo o non especificado nas presentes bases, estarase ó disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003 xeral de subvencións, de acordo coa súa disposición derradeira primeira e, supletoriamente, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galiza ou normativa que as substitúa.

### **Entrada en vigor**

Estas bases reguladoras entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación.

Barbadás, 25 de novembro de 2016





# CONCELLO DE BARBADÁS

O Alcalde

Asdo.: Xosé Carlos Valcárcel Doval

